

## Sumario | nº34 – Febreiro 2024

### CONTRA O ACOSO

**Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao Acoso**



**Guía Fácil**



### ENTREVISTA

«O humor sexista e tránsfobo é o comportamento de acoso más reiterado»

Milena Villar Varela



### ENTREVISTA

«O número de universitarios/as que informan ter sido víctimas dalgunha conduta de acoso é moi superior ao número de denuncias»

Lourdes Mirón



### EDIUS NOVAS

**A transferencia de coñecemento no itinerario formativo**



### ENTREVISTA

«O éxito da transferencia radica en que o coñecemento chegue á cidadanía e que poida utilizarse»

Adela García Aracil e Rosa Isusi Fagoaga



### EDIUS NOVAS

O segundo período de matriculación para iniciar estudos de doutoramento arranca con 383 prazas



### 3MT®

Aberto até o 30 de abril o prazo para participar na terceira edición do 3MT



### 3MT® CURSO

*Three Minute Thesis:* O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz



### ENTREVISTA

Carles Sierra  
Director de Investigación en IA do CSIC

«Calquera científico/a hoxe en día debe formarse en Intelixencia Artificial»

### EDIUS NOVAS

**LinkedIn, un perfil para estar ao día dos cursos, axudas e outras noticias de interese para a comunidade da EDIUS**



### EDIUS NOVAS

Medio cento de investigadores participaron na Xornada ‘Como impulsar os resultados de investigación a través da IA’



### María José Carreira

Investigadora do CiTIUS

«Moitos resultados de investigación que vemos hoxe foron descubertos con técnicas de IA»



## CONTRA O ACOSO

## Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao Acoso

O ‘Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao Acoso Sexual e o Acoso por Razón de Sexo, Orientación Sexual e Identidade de Xénero’ da USC foi aprobado polo Consello de Goberno en xullo de 2016.

Este protocolo é a resposta da universidade para crear un marco normativo e de políticas activas para garantir os dereitos das persoas acosadas e detectar e combater as situacíons de acoso. O preámbulo do texto, recolle que a USC “organízase de maneira democrática, leva a cabo unha decidida defensa da igualdade entre mulleres e homes e asume os principios de liberdade, igualdade, xustiza, pluralismo e compromiso ético como inspiradores da vida universitaria”.

Co obxectivo de crear un espazo óptimo de desenvolvemento do estudo e da creación científica e humanística “resulta capital a erradicación de calquera comportamento atentatorio contra a dignidade da persoa”, en particular as condutas de índole sexual e discriminatorias por razón de sexo que tratan de degradala, “erosionando así o principio de igualdade”. Para garantir que non se produzan este tipo condutas vexatorias, a universidade desenvolve unha serie de medidas que permiten tanto a súa prevención a través de campañas de formación, información e sensibilización como, no seu caso, actuando directamente ante a súa realización.

A Universidade de Santiago de Compostela asume deste xeito o mandato contido en diversos instrumentos internacionais (Principios de Yogyakarta sobre a aplicación da lexislación internacional de dereitos humanos en relación coa orientación sexual e a identidade de xénero; artigo 21 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea) e reflectido na ‘Lei 2/2014, de 14 de abril, pola Igualdade de Trato e a non Discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bissexuais e Intersexuais en Galicia’.

Neste vídeo podemos ver en que consiste o protocolo, que se considera acoso, algúns exemplos, as diferenzas entre o acoso por razón de sexo e por orientación sexual e identidade de xénero e que debemos fazer se estás sendo vítima, se presencias unha conduta deste tipo ou se es ti a persoa acosadora.



Protocolo acoso USC.

## A que lle chamamos acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual ou por identidade de xénero?

### ACOSO SEXUAL

É todo comportamento verbal, non verbal ou físico, non desexado, de índole sexual, realizado co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

### ACOSO POR RAZÓN DE SEXO

É todo comportamento non desexado realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

### O ACOSO POR ORIENTACIÓN SEXUAL OU IDENTIDADE DE XÉNERO

É todo comportamento que, en función da orientación sexual ou identidade de xénero dunha persoa, persiga atentar contra a súa dignidade e/ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante, ofensiva ou segregadora.



ES VÍTIMA DE ACOSO SEXUAL  
SE OUTRA PERSOA:

- ⌚ Fai chistes, bromas ou observacións sobre cuestións da túa vida privada sexual
- ⌚ Invade o teu espazo físico
- ⌚ Che di piropos
- ⌚ Fai xestos lascivos dirixidos a ti
- ⌚ Che fai caricias ou tocamentos non desexados
- ⌚ Intenta establecer unha relación sentimental contigo
- ⌚ Te suborna para obter favores sexuais a cambio de beneficios laborais ou académicos
- ⌚ Te obriga a ter relacóns sexuais que non son consentidas
- ⌚ Te agride sexualmente con forza física
- ⌚ Te ameaza por non cooperar sexualmente

ES VÍTIMA DE ACOSO POR RAZÓN  
DE SEXO SE OUTRA PERSOA:

- ⌚ Te trata diferente por ser muller ou por ser un home considerado pouco masculino
- ⌚ Ignora as túas achegas, comentarios ou accións
- ⌚ Ten unha actitude paternalista, que se explica polo teu xénero
- ⌚ Te menospreza academicamente por ser muller ou por ser un home considerado pouco masculino
- ⌚ Te ridiculiza polo teu xénero
- ⌚ Fai xestos ou comentarios despectivos que se explica polo teu xénero
- ⌚ Te obriga a assumir tarefas menos visibles ou menos estimulantes




## ES VÍTIMA DE ACOSO POR ORIENTACIÓN SEXUAL OU POR IDENTIDADE DE XÉNERO SE OUTRA PERSONA

- :( Fai chistes homófobos
- :( Te trata de maneira ofensiva pola túa orientación sexual ou identidade de xénero
- :( Che asigna tarefas académicas en base a prexuízos, con menos visibilidade pública
- :( Te agride psicoloxicamente ou fisicamente
- :( Se nega a nomearte co pronome co que te identificas
- :( Non se refire a ti polo teu nome escollido
- :( Fai comentarios tránsfobos ou intérfebros

## A quen protexe este Protocolo e cal é o seu ámbito de actuación?

- |  |   |
|--|---|
|  Alumnado   |  Personal de administración e servizos (PAS)  |
|  Personal docente e investigador (PDI)  |  Calquera persoa que desenvolva o seu traballo no ámbito da USC (sexa autónoma ou por conta allea)  |
|  Personal investigador en formación   |  Aplicarase o protocolo cando esas condutas se produzan en calquera centro da USC ou nun espazo físico ou virtual inscrito no seu ámbito organizativo e funcional |
|  Personal contratado para o desenvolvemento de actividades de investigación científica ou técnica |   |

# Guía Fácil



Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da Universidade de Santiago de Compostela

**ENTREVISTA**



Milena Villar Varela

Departamento  
de Pedagogía  
e Didáctica da USC

## «O humor sexista e tránsfobo é o comportamento de acoso máis reiterado»

*Milena Villar Varela ofrecerá este ano un curso para achegar, analizar e debater sobre o Protocolo de Acoso da USC. O obxectivo é descubrir a percepción social e a realidade do fenómeno no ámbito universitario. Ademais, as persoas asistentes adquirirán competencias para previr o acoso.*

### Por que é necesaria unha formación centrada neste asunto e quen debería asistir?

Para poder previr e atallar esta problemática é fundamental a formación, que as diversas persoas que forman parte da comunidade universitaria sexan capaces de recoñecer os distintos comportamentos constitutivos de acoso e que dispoñan dos recursos e das ferramentas necesarias para poder actuar en caso de que teñan lugar. Neste caso, é unha formación dirixida ao alumnado que está realizando os seus estudos de doutoramento, pero estanse a levar a cabo actividades formativas dirixidas tanto ao alumnado como ao PDI e ao PAS.

### É a Universidade de Santiago de Compostela un entorno seguro?

É difícil responder a esta cuestión cando a meirande parte da comunidade universitaria non era consciente, tal como se evidencia nas investigacións realizadas, de ter sufrido algún tipo de acoso, debido a ese desconecemento xeral sobre o que é o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual ou identidade de xénero.

### Que percepción social existe do acoso no ámbito universitario?

Tras as investigacións realizadas na nosa universidade, podemos concluír que tanto PDI, PAS como alumnado consideran que os colectivos que teñen máis risco de sufrir acoso son o colectivo LGBT e o colectivo de mulleres. O alumnado percibe que sofren un maior risco que o resto de colectivos.

**Que competencias se poden adquirir para previr este fenómeno?**

Fundamentalmente competencias vinculadas ao saber, en especial, ao recoñecemento das situacíons de acoso. Ao saber facer, é dicir, a ser capaces de previlo e posuیر ferramentas para actuar ante a súa presenza; e ao saber ser e estar, desenvolvendo en toda a comunidade competencias socio-emociais relacionadas coa prevención do fenómeno.

**É a xente nova máis ou menos permisiva con este tipo de comportamentos?**

Trátase dunha cuestión de difícil resposta. Por un lado vemos unha sociedade e unha xuventude más concienciada e sensibilizada co fenómeno pero, por outra banda, tal e como nos revelan investigacíons previas realizadas, percíbese un aumento da violencia de control, especialmente na adolescencia. En calquera caso, na nosa comunidade universitaria, as conclusíons obtidas evidencian que tanto PDI, PAS e alumnado observan e viven situacíons semellantes, sendo comportamentos como o humor sexista e tránsfobo algúns dos comportamentos de acoso máis reiterados nos tres colectivos.



**ENTREVISTA**

## «O número de universitarios/as que informan ter sido vítimas dalgunha conduta de acoso é moi superior ao número de denuncias»

**Lourdes Mirón**

Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da USC

*Lourdes Mirón, é membro do departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da USC e coordinadora do Mestrado en Psicoloxía. Leva anos investigando, estudiando e impartindo coñecementos sobre o acoso. Por iso, podemos considerala unha verdadeira experta neste tipo de comportamentos.*

### **É o acoso algo preocupante na contorna universitaria en Santiago?**

Para poder previr e atallar esta problemática é fundamental a formación, que as diversas persoas que forman parte da comunidade universitaria sexan capaces de recoñecer os distintos comportamentos constitutivos de acoso e que dispoñan dos recursos e das ferramentas necesarias para poder actuar en caso de que teñan lugar. Neste caso, é unha formación dirixida ao alumnado que está realizando os seus estudos de doutoramento, pero estanse a levar a cabo actividades formativas dirixidas tanto ao alumnado como ao PDI e ao PAS.

### **Cambiou algo o perfil das persoas agresoras?**

É difícil responder a esta cuestión cando a meirande parte da comunidade universitaria non era consciente, tal como se evidencia nas investigacións realizadas, de ter sufrido algún tipo de acoso, debido a ese descoñecemento xeral sobre o que é o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual ou identidade de xénero.

### **E mudou o comportamento das vítimas?**

Tras as investigacións realizadas na nosa universidade, podemos concluir que tanto PDI, PAS como alumnado consideran que os colectivos que teñen más risco de sufrir acoso son o colectivo LGBT e o colectivo de mulleres. O alumnado percibe que sofren un maior risco que o resto de colectivos.

### **Que factores poden contribuir ao acoso por razón de sexo, orientación sexual ou de xénero?**

O factor fundamental é a crenza da lexitimidade das desigualdades de poder e, en concreto, a crenza de que as mulleres e as persoas que non se

axustan ao patrón tradicional de xénero poden ser controladas e discriminadas. Esta crenza deriva da pervivencia dun sistema social que normalizou desigualdades de poder entre as persoas en función do sexo e o xénero (sistema patriarcal). Este substrato ideolóxico é reforzado polas mensaxes diferenciais que se transmiten no proceso de socialización e que aprendemos, ou podemos aprender, en distintos contextos (familia, escola, medios de comunicación, etc.). Estas serían as verdadeiras causas subxacentes das condutas de acoso e violencia baseada no xénero. Algúns factores circunstanciais (situacións adversas, consumo de alcohol e outras drogas, etc.) e persoais (impulsividade, baixa empatía, etc.) poden facer más probable que se manifeste a conduta. Pero a causa última é a interiorización da crenza no derecho a controlar a outros e a limitar a súa liberdade.

### É a sociedade máis ou menos permisiva e respectuosa coa diversidade?

Existen datos que poderían indicar que a sociedade é máis respectuosa coa diversidade agora que en épocas anteriores. Por exemplo, houbo cambios importantes a nivel lexislativo, e o acoso por razón de sexo, xénero e orientación sexual está recollido como delito no noso Código Penal. É tamén significativo que institucións e empresas deban dispoñer de plans de igualdade e protocolos de actuación ante situacións de acoso. Sen embargo, perduran crenzas que poñen en dúbida que sexamos, como sociedade, realmente máis tolerantes con respecto á diversidade.

### Pode poñer algún exemplo?

Os datos da última enquisa do CIS (2023) “Percepcións sobre a igualdade entre homes e mulleres e estereotipos de xénero” sinalaban que, ainda que o 58,8% dos homes e o 69,8% das mulle-

res declaran preferir unha sociedade na que se integren persoas de diferentes orixes, culturas e relixións, o 32,2% dos homes e o 22,9% das mulleres prefieren unha sociedade na que “a gran mayoría da xente teña a mesma orixe, cultura e relixión”. Nesta mesma enquisa, o 44,1% dos homes e o 32,5% das mulleres declaraban estar moi ou bastante de acordo coa seguinte afirmación: “Chegouse tan lonxe na promoción da igualdade das mulleres que agora estase discriminando aos homes”. Con respecto a este último resultado cabe preguntarse como se pode chegar “demasiado lonxe” promovendo a igualdade. Pero, en todo caso, son resultados que mostran que queda camiño por percorrer en canto á consecución dunha sociedade permisiva, respectuosa e comprometida coa igualdade.

### Existe suficiente concienciación no ámbito universitario sobre a tolerancia cero cara este tipo de comportamentos?

A verdade é que non, nin na sociedade en xeral nin no contexto universitario. Os traballos realizados na USC, e noutras universidades, poñen de manifesto que moitos universitarios non coñecen que condutas se inclúen no acoso, nin a existencia do protocolo de acoso, nin dos recursos disponíveis se chegan a ser vítimas. Moitas destas condutas están tan enraizadas na tradición e no costume que pasan desapercibidas.

### Como pode a educación favorecer a erradicación do acoso?

A educación é a ferramenta fundamental. Necesítase información e formación. A formación sobre o acoso, as súas causas e consecuencias, debería proporcionarse a toda a sociedade, formando parte do proceso de ensinanza en todos os niveis educativos, incluíndo o nivel universitario. Ademais, é importante que exista formación específica dirixida ao profesorado, así como a todos os axentes que interveñen en actuacións de prevención do acoso ou de atención ás vítimas.

EDIUS NOVAS

## O segundo período de matriculación para iniciar estudos de doutoramento arranca con 383 prazas

Thu

4

11

18

25

Este mes de febreiro comeza o prazo do segundo período de matriculación para os estudos do programa de doutoramento da USC. Son un total de 383 prazas correspondentes a 49 PDs da EDIUS que ainda teñen prazas dispoñibles. O programa de doutoramento con máis prazas vacantes é o de Ciencia e Tecnoloxía Química (30), seguido polo de Física Nuclear e de Partículas (22) e o de Medio Ambiente e Recursos Naturais (17).

Para iniciar os trámites deste segundo período de matriculación, estas son as datas que os interesados/as deberán ter en conta:

| Inicio de estudos do programa de doutoramento |   |
|---|---|
| 1-7 febreiro 2024                             | Solicitud de admisión 2º período            |
| 15 febreiro 2024                              | Publicación relacóns provisorias 2º período |
| 16-19 febreiro 2024                           | Reclamación relacóns provisorias 2º período |
| 26 febreiro 2023                              | Publicación relacóns definitivas 2º período |
| 27-29 febreiro 2024                           | 2º período de matrícula                     |

A solicitude de novas admisións en programas de doutoramento realizarase a través da [Secretaría Virtual](#). O alumnado cumplimentará os datos persoais e de acceso requiridos na solicitud de admisión, incluíndo na mesma o documento de identidade e copia da titulación de acceso e, de ser o caso, axuntará os documentos adicionais e específicos que se lle esixan por parte do programa de doutoramento no que solicita a admisión.

 Ir ao sumario

As Comisións Académicas dos programas de doutoramento realizarán a selección do alumnado e se publicarán, no [\*\*Taboleiro da Sede Electrónica da USC\*\*](#), as listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa, e os solicitantes tamén poden consulta o estado da súa admisión na Secretaría Virtual.

A matrícula dos programas de doutoramento incluirá tanto a tutela académica como outros aspectos organizados de formación investigadora que comprenderán tanto a formación transversal como a específica no ámbito de cada programa.

## Modificacións nos requisitos de acceso

O novo [\*\*Real Decreto 576/2023\*\*](#) introduciu unha modificación moi importante no artigo 6 sobre ‘Requisitos xerais de acceso’ ao establecer que é necesario estar en posesión do título oficial de mestrado no caso de acreditar ter 300ECTS entre as titulación de grao e mestrado.

Non obstante, continúan a ter acceso (sen necesidade do título de mestrado):

- Os titulados españois con **Nivel MECES 3 e 300 Créditos**: Licenciaturas e Graos de, polo menos, 5 anos.
- Os titulados universitarios que acadan praza de formación sanitaria (MIR, EIR, BIR, PIR, FIR, etc.) e teñan avaliación positiva en dous anos de formación nun programa para a obtención do título oficial de especialidades de ciencias da saúde.

Nos seguintes enlace ten información das titulacións que acreditan o nivel MECES 3:

- Ter un mestrado oficial
- Para as titulación pre-bolonia: <https://www.universidades.gob.es/correspondencia-entre-titulos-universitarios-oficiales-pre-bolonia-y-niveles-meces/>
- Para as actuais titulación de grao de 300 ECTS o mais, que no caso da USC son: <https://www.usc.es/es/servizos/oiu/meces.html>

**EDIUS** | **NOVAS**

## A transferencia de coñecemento no itinerario formativo



A incorporación da transferencia no itinerario formativo dos estudos de doutoramento centrou o II Almorzo Formativo que promove a EDIUS. Unha das aulas da Facultade de Económicas converteuse nun espazo de debate e intercambio de coñecemento no que se reflexionou sobre o modelo de transferencia na universidade. Á sesión asistiron tanto directores/as e coordinadores/as de tese como estudiantes de doutoramento.

*Un dos obxectivos desta actividade é “facer comunidade”*

Para explicar en que consiste a transferencia de coñecemento contaron con dúas expertas na materia, Adela García Aracil, investigadora científica do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) no instituto INGENIO -centro mixto do CSIC e da Universitat Politècnica de València-, e Rosa Isusi Fagoaga, profesora e vicedecana de Estudios, Profesorado e Calidade na Facultat de Magisteri da Universitat de València e directora da Cátedra de Transformación Educativa ‘Carme Miquel’.

A xornada arrancou coa intervención da secretaria da EDIUS, Isabel Neira, quen explicou que un dos obxectivos desta actividade é “facer comunidade” e coñecer máis polo miúdo en que consiste o plan de transferencia. Adela García comezou sinalando que na transferencia de coñecemento deberán estar involucradas varias partes: Universidade, empresas, administracións públicas e sociedade. Pola súa banda, Rosa Isusi falou de que áinda que non toda transferencia supón un beneficio económico, o certo é que sempre se xera un “impacto” na sociedade.

Ir ao sumario



**ENTREVISTA**

Adela García Aracil  
e Rosa Isusi Fagoaga

## «O éxito da transferencia radica en que o coñecemento chegue á cidadanía e que poida utilizarse»

### Que relevancia ten a incorporación da transferencia no itinerario formativo dos estudos de doutoramento?

Pódese dicir que agora mesmo a transferencia non é unha cuestión relevante nos doutoramentos porque non pensan nela como prioridade ao compara-lo coa investigación que están realizando, que é a súa maior preocupación. Sen embargo, é convinte empezar a formar ós estudantes en materia de transferencia para que poidan comezar a reflexionar sobre a utilidade da súa investigación.

### Poderían darnos algún exemplo de modelos de transferencia de éxito?

Cando se pretende dar un exemplo de éxito, sempre se pensa na transferencia de tecnoloxía, pero no ámbito das ciencias sociais e humanidades cabe destacar o papel que están a facer os museos de ciencia ou de arte, que poñen á disposición da cidadanía visitas virtuais e percorridos temáticos, ou visitas presenciais con simulacións interactivas onde o usuario absorbe un coñecemento que pode despois aplicar ou utilizar. Outro exemplo serían todas as campañas de información e concienciación da cidadanía para previr e afrontar a COVID-19, colaboracións entre centros de investigación, hospitais, universidades, goberno e cidadanía.

### Onde radica o “éxito” destas transferencias?

Precisamente o éxito radica en que o coñecemento chegue á cidadanía e que poida utilizarse. Por exemplo, as exposicións dos museos onde se promoven as comparacións entre un modelo científico e un modelo real, como os cambios de estado da materia ou o movemento planetario, estas comparacións con representacións visuais e simulacións interactivas que axudan aos visitantes a establecer conexións importantes ou desafíos co mundo real.

### **Como ven vostedes actualmente a relación entre a universidade e a sociedade? E o futuro?**

Actualmente hai un impulso significativo de promover a relación entre a universidade e a sociedade, pois cada vez máis se está considerando a relevancia do impacto social nas accións que desenvolve a universidade. Así se recolle no último “Plan de Transferencia e Colaboración – A ciencia e a innovación ao servicio da sociedade”, aprobado a finais de 2022 polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Neste sentido, necesítase unha maior formación para o persoal universitario, que incremente a súa motivación e tamén que exista un recoñecemento da transferencia e que se creen uns plans de actuación que sinalen o camiño e con iso incrementen no futuro a transferencia de coñecemento entre a universidade e a sociedade.

### **Están os tutores/as e coordinadores/as de teses suficientemente formados e informados sobre a importancia de favorecer a transferencia de coñecementos da universidade á sociedade?**

Consideramos que non. Os tutores/as e coordinadores/as de teses están más influenciados polos rankings da investigación que pola utilidade da mesma. É dicir, hoxe en día, a pesar de que se van facendo progresos, aínda seguen tendo máis peso as publicacións en revistas de impacto internacional e as súas citas. Non obstante, esta tendencia comezou a cambiar coa convocatoria para os sexenios de investigación de 2024, considerándose xa o impacto social das aportacións.

### **Cal é a tarefa pendente da universidade para que a transferencia sexa más efectiva?**

A universidade debería proporcionar máis apoio formativo e recoñecemento profesional aos investigadores segundo a área de coñecemento, dado que algúns se relacionan máis intensamente con actores empresariais e non tanto con actores sociais. Por exemplo, non é o mesmo transferir en Economía ou nas Enxeñarías se se compara con Educación ou Cultura, onde o impacto é máis social (máis difícil de medir cuantitativamente) que o impacto económico. Así mesmo, sería recomendable que as universidades prestaran maior atención á transferencia nos seus plans estratéxicos.

3MT®

## Aberto até o 30 de abril o prazo para participar na terceira edición do 3MT

A USC, a través da súa Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), convoca a terceira edición do *Three Minute Thesis* (3MT®), un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras predoutorais de todas as áreas do coñecemento.

**Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008**, 3MT cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación do estudiantado. O concurso apoia a capacidade do alumnado de doutoramento para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha lingua adecuada para un público non especializado.

Esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas, así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando únicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo do que dispoñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

Desde 2011, a popularidade do 3TM aumentou considerablemente e agora as competicións celébranse en máis de 900 universidades de máis de 85 países de todo o mundo. Podes consultar o [listado actualizado aquí](#).

O requisito para participar nesta terceira edición do 3MT da EDIUS é estar matriculado/a nun programa de doutoramento da USC no curso 2023/2024 e non ter defendido a tese. As persoas interesadas en participar deberán inscribirse e enviar os seus vídeos desde o **1 de febreiro até o 30 de abril do 2024**. [Nesta ligazón poderás cumplimentar a ficha de inscrición e subir o vídeo](#).

O *Three Minute Thesis* pretende fomentar o intercambio multidisciplinar, animando aos membros da comunidade académica a que coñezan os distintos proxectos de investigación que leva a cabo o alumnado de doutoramento da Escola de Doutoramento Internacional da USC.

**INSCRICIÓN**



Ir ao sumario

## Criterios de avaliação

A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e do profesorado da USC. Este comité será o encargado de elixir un máximo de 20 vídeos, 5 por cada área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán nunha Gran Final. O comité deberá ter en consideración os seguintes criterios:

- Capacidade comunicativa dos participantes.
- Facilidade de comprensión do contexto do tema de investigación e o seu significado.
- Se a exposición describe claramente os resultados da investigación, incluíndo as conclusóns.
- Se o tema de investigación, resultados e importancia foron comunicados nunha linguaxe adecuada para a audiencia non especializada.
- Nivel de impacto do traballo para a área de coñecemento á que pertence.

**INSCRICIÓN**

## Criterios de valoración (A puntuación máxima é de 10 puntos)

1. Capacidade comunicativa (5 puntos)
  - Capacidade de comunicar os principais puntos da investigación adaptando a linguaxe a un público non especializado na súa mesma área de investigación. (3 puntos)
  - Claridade na exposición e coherencia e cohesión no discurso. (1 punto)
  - Seguridade na transmisión da mensaxe e capacidade de captar a atención da audiencia. (1 punto)
2. Calidade da investigación (5 puntos)
  - O/A participante transmite o interese da súa investigación. (2 puntos)
  - O/A participante comunica de forma clara o deseño da súa investigación e os seus primeiros resultados. (1,5 puntos)
  - O/A participante explica de forma clara as primeiras conclusóns da súa investigación e o impacto que se pode derivar dela. (1,5 puntos)

 Ir ao sumario

## INSCRICIÓN ➔

### Premios e xurado

Os 20 vídeos finalistas concursarán nunha Gran Final que terá lugar antes de finalizar o curso académico, un día e nun lugar ainda por determinar. Os/as 20 finalistas farán a presentación da súa investigación en persoa. A exposición, que se fará diante do xurado e do público asistente, deberá respectar o tempo (3 minutos) e o guión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados os catro Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada área.

O xurado estará composto polos subdirectores e subdirector as da EDIUS e por dous profesores da USC:

- Artes e Humanidades: Dolores Vilavedra Fernández
- Ciencias e Enxeñarías: Eva Rodril Rodríguez
- Ciencias da Saúde: José Manuel Cifuentes Martínez
- Ciencias Sociais e Xurídicas: José Miguel Túñez López
- Marta Rodríguez Castro: Profesora na Facultade de Ciencias da Comunicación
- Roi Méndez Fernández: Profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación

O xurado terá en conta aspectos do contido das presentacións e a capacidade comunicativa dos candidatos e candidatas, independentemente da área de coñecemento á que se adscriban.

A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores dos Premios de Excelencia de Divulgación Científica cun cheque por valor de 250€.

Ademais, os/as 20 doutorandos e doutorandas que participen na final recibirán como recoñecemento un agasallo sorpresa.

### Normas para os vídeos


1. A duración do vídeo non poderá superar os 3 minutos. Os vídeos que superen esta duración serán descalificados.
2. O idioma empregado no vídeo deberá ser galego, castelán, inglés ou lingua de signos.
3. No pitch deben abordarse os seguintes aspectos da tese de doutoramento: interese e deseño da investigación, primeiros resultados e conclusións/impacto agardados.

4. A persoa participante gravarase en plano medio, desde a cintura cara arriba.
5. A gravación debe ser en horizontal.
6. O fondo do vídeo debe ser claro e uniforme.

**INSCRICIÓN**

#### Normas para a final presencial

1. A duración da presentación oral na final presencial terá tamén unha duración máxima de 3 minutos. Haberá unha conta atrás e o/a participante deberá deter o seu discurso superado o tempo máximo.
2. O discurso da presentación en formato presencial deberá ser o mesmo que o presentado no vídeo, podendo incluír tan só as modificacións derivadas da presentación en directo.
3. Durante a presentación, o/a participante poderá proxectar unha única diapositiva que lle sirva de apoio.



3MT® CURSO

## *Three Minute Thesis: O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz*

**Localización:** Facultade de Ciencias da Comunicación, Santiago de Compostela

**Modalidade:** presencial

**Duración:** 8 horas presenciais, 4 horas de traballo (total 12h)

**Desenvolvemento da actividad:** 11 e 12 de marzo, de 16:00 a 20:00h

**Profesorado:** Roi Méndez Fernández e Marta Rodríguez Castro

**Número total de prazas:** 20

**Prezo único (prezo total da actividade):** 0

**Matrícula:** Límite de prazas con lista de agarda

### **Competencias e habilidades:**

Recoñecemento da importancia da divulgación como parte do traballo científico. Estratexias para unha comunicación científica eficiente. Adaptação de discursos complexos ás dinámicas do *pitch*. Guionización básica.

Edición non lineal básica de vídeo. Importación de materiais, incrustación de títulos, aplicación de efectos e exportación. Formatos e resolucións de vídeo más comúns e axeitados para cada plataforma de destino.

### **Contidos:**

1. Ciencia e Comunicación
  - Niveis de comunicación na ciencia
  - Os medios de comunicación como aliados da divulgación científica
2. Estratexias comunicativas para divulgación científica
  - Adaptación da linguaxe
  - Recursos comunicativos
  - O storytelling aplicado á ciencia
3. O pitch
  - O pitch como ferramenta comunicativa
  - A depuración do discurso para focalizar nos básicos
4. O pitch audiovisual: edición non lineal básica de vídeo
  - Importación de materiais
  - Incrustación de títulos
  - Aplicación de efectos
  - Exportación e formatos

### **Modalidades de avaliación:**

O alumnado deberá asistir ao 75% das horas presenciais e entregar o vídeo no que presente a súa tese de doutoramento en menos de 3 minutos.

 Ir ao sumario

## Bota a andar a primeira edición do Premio ao Vídeo TikTok, Instagram ou YouTube Cátedra Institucional Vida Saudable

A primeira edición do Premio ao Vídeo TikTok, Instagram ou Youtube Cátedra Institucional Vida Saudable diríxese a todo o estudiantado que estea matriculado en calquera titulación de grao, mestrado universitario ou doutoramento das tres universidades públicas galegas. Cada estudiante poderá concorrer ao certame cun único vídeo no que deberá presentar a elaboración dun prato saudable, ben sexa un primeiro, un segundo ou unha sobremesa. O vídeo deberá publicarse en, polo menos, unha das seguintes plataformas: TikTok, Instagram ou Youtube (vídeo tradicional ou modalidade Youtube Shorts) co cancelo #catedravidasaudableUSC

Con este certame, preténdese fomentar a difusión, o coñecemento e a práctica dun estilo de vida saudable, cumplindo deste xeito cos fins para os que foi creada a Cátedra Institucional de Vida Saudable da USC. No caso das plataformas Instagram e Youtube, debe ser mencionado, no descriptor do vídeo, o perfil oficial da Universidade de Santiago de Compostela. O vídeo poderá ter un ou varios autores/as pero, neste último caso, deberán estar etiquetados no vídeo. Ademais, no caso de que o vídeo non estea gravado en galego deberá estar subtitulado neste idioma.

**As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico** da USC mediante o procedemento “solicitud xenérica” e dirixiranse á Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación indicando no asunto “I Premio ao Vídeo TikTok, Instagram ou Youtube Cátedra Institucional Vida Saudable”, achegando os documentos requiridos nas bases do certame.

### Premios

Outorgaranse dous premios de 200 e 150 euros en cada unha das tres categorías: primeiro prato, segundo e sobremesa. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 2 de abril de 2024. Todas as consultas relativas ao premio poden trasladarse a través do enderezo electrónico [catedra.vidasaudable@usc.gal](mailto:catedra.vidasaudable@usc.gal). Aquí atoparedes as [bases do certame](#).

Máis información  
[nesta ligazón](#)

 Ir ao sumario

**EDIUS** NOVAS

## LinkedIn, un perfil para estar ao día dos cursos, axudas e outras noticias de interese para a comunidade da EDIUS



### EDIUS. Escola de Doutoramento Internacional

Un modelo de formación flexible, interdisciplinar e de calidad

Servicios de investigación · Santiago de Compostela, Galicia / Galiza · 1 mil seguidores · 5 mil-10 mil empleados

A Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela (EDIUS) creou a finais de 2021 un perfil propio na rede social de ámbito profesional LinkedIn co obxectivo de espallar os seus contidos pola comunidade investigadora e universitaria de todo o mundo. Na actualidade, o perfil ten preto de 1.300 seguidores, sendo unha das escolas de doutoramento con máis seguidoras de España.

Na páxina de LinkedIn da EDIUS, os seguidores/as atoparán todo tipo de información relacionada coa Escola, tanto para doutorandos e doutorandas como para profesorado.

Diariamente, na LinkedIn publicáñanse entradas sobre os cursos de formación que se ofrecen de xeito gratuito, noticias sobre bolsas de axudas, convocatorias, concursos ou avisos varios. Ademais, á primeira hora da mañá, anúncianse as teses de doutoramento que cada día se presentan na USC.

Con este perfil na rede social, a EDIUS quere reforzar a nova forma de comunicación e difusión da información desta escola de doutoramento. Esta iniciativa vai dirixida a todas as persoas que forman parte da #EDIUS. Desde o equipo de coordinación de cada programa de doutoramento até o persoal administrativo, pasando polo profesorado do programa, os doutorandos e doutorandas, directores/as de tese e titulares, entre outros perfís profesionais.

A EDIUS será máis forte cantas más persoas se integren e participen. Podedes seguirnos na [seguinte ligazón](#).

Ir ao sumario



Miguel Guisantes Alonso

Investigador  
predoutoral e membro  
do Comité de dirección  
da EDIUS

OPINIÓN

## Un peor regulamento de estudios de doutoramento na USC

O pasado xullo entrou en vigor o Real Decreto 576/2023 que modifica o RD 99/2011 no que se regulan os estudios de doutoramento. Isto obriga a adaptar o Regulamento de estudios de doutoramento da USC e nese proceso estamos actualmente.

O dito Real Decreto inclúe algunas novedades (a necesidade dun plan formativo xunto co plan de investigación ou o cambio na duración dos estudios a 4 anos cun único de prórroga en vez de 3+2), mais tamén estipula na súa disposición transitoria primeira que únicamente é obligatoria a aplicación das relativas a tribunal, defensa e evaluación para todos os estudiantes a partir do curso 2024/2025 e deixa vixentes as condicións coas que se iniciaron os estudios de doutoramento a quen o fixera antes de xullo de 2023.

Desde a Asemblea de Investigadoras de Compostela fixemos algunas propostas no Comité de dirección da EDIUS para incluír no novo texto soluciones a problemáticas comúns que temos moitas de nós: ter a posibilidade de solicitar a matrícula a tempo parcial argumentando non recibir ingresos da USC (carecer dun contrato predoutoral) ou ser autónoma ou que se faga explícita a obriga de dispor dos medios suficientes (mobiliario e equipamento informático) para a realización das nosas investigacións, mais non tiveron a acollida que agardabamos.

Pola contra, desde os restantes sectores representados no Comité de dirección da EDIUS as propostas para este novo regulamento foron ben distintas: un aumento nas porcentaxes mínimas de lingua estranxeira no caso dunha tese con mención internacional, que serán do 25% da versión escrita e o 50% da defensa oral (antes só introdución e conclusións) ou a necesidade de ter publicada (ou xa aceptada) unha contribución científica derivada da tese, aplicado a todos os doutorandos/as sen facer a distinción que permite o Real Decreto.

As representantes da Asemblea de Investigadoras de Compostela xa expresamos o rexeitamento a este novo texto e continuamos a traballar para mellorar este próximo regulamento.

Ir ao sumario

**EDIUS** NOVAS

## Aberta ata o 10 de marzo a sexta convocatoria Seed Funding de EUniWell



A Universidade Europea do Benestar EUniWell, na que se integra a USC, lanza a sexta convocatoria **Seed Funding**, un programa de financiación que persegue que persoal investigador, profesorado, estudiantado e persoal administrativo de toda a Alianza EUniWell poñan en marcha proxectos colaborativos que melloren, de xeito diverso e significativo, o benestar na academia e na sociedade. Esta sexta convocatoria de propostas estará aberta ata o 10 de marzo de 2024.

Cada proxecto innovador pode recibir unha subvención máxima de 25.000 euros, que se distribuirá entre os diferentes socios do proxecto. As iniciativas seleccionadas en convocatorias anteriores poden consultarse na [páxina de EUniWell](#). A avaliación de propostas comezará o 15 de marzo e o comité de selección finalizará as decisións de financiamento a finais do mes de abril. As consultas poden dirixirse ao enderezo [contactform@euniwell.eu](mailto:contactform@euniwell.eu)

Ir ao sumario

## Helena nunca estivo en Troia: estudo dá unha versión alternativa á de Homero

A doutora Francisca Gómez Seijo reelabora a súa tese no ensaio “Rescatando a Helena”, figura que é presentada nos poemas épicos a Ilíada e a Odisea como a culpable da guerra entre gregos e troianos. No 412 a.C., oito anos antes de que rematara a Guerra do Peloponeso entre Esparta e Atenas, representábase nesta última cidade a tragedia Helena do dramaturgo grego Eurípides. O argumento ofrece unha versión alternativa á dos clásicos poemas épicos atribuídos a Homero, segundo a cal o rapto da esposa do rei espartano Menelao, Helena, polo príncipe troiano Paris foi a orixe da Guerra de Troia.

O texto de Eurípides, que agora analiza a doutora Gómez Seijo no ensaio “Rescatando a Helena”, conta que esta foi levada a Exipto polo mensaxeiro dos deuses, Hermes, e que a que levou Paris era en realidade unha fantasma, unha imaxe feita de aire creada por Hera, en vinganza polo episodio do xuízo no que o príncipe troiano escolle a Afrodita fronte a ela.

[Máis información nesta ligazon.](#)



**EDIUS** **NOVAS**

## O estudo premiado co Valentín Paz Andrade evidencia como a COVID-19 incrementou a desigualdade en Galicia




José Manuel Amoedo e María del Carmen Sánchez-Carreira, responsables da área de Formación da EDIUS, recolleron o 23 de xaneiro o premio Valentín Paz Andrade de Investigación en Economía de Galicia, convocado polo Instituto de Estudos e Desenvolvimento de Galicia da USC (IDEGA) e o Consello Económico e Social (CES). Amoedo e Sánchez-Carreira foron premiados polo artigo "[Os efectos iniciais da COVID-19 nas desigualdades de renda en Galicia e a súa distribución na sociedade](#)", un traballo que veu a luz na Revista Galega de Economía.

